

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos; requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos; solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos; valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos; pídese a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: CONCENTRACIÓN PARCELARIA, HIDROSFERA, PARROQUIA, SOLO URBANIZABLE, TAXA BRUTA DE MORTALIDADE.

1.2.- Na Figura A-1 aparece o índice de especialización en cultivos industriais por provincias. Cite vostede **cinco** nas que o valor sexa de 100 a 250.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres xerais do transporte terrestre en España.** *Orientacións para o desenvolvemento: definición e tipos de transporte terrestre, condicionantes e problemas para o transporte terrestre en España, o transporte por estrada (redes, autovías, autoestradas), o transporte por ferrocarril (estrutura da rede e características xerais), etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), situación que representa (estación do ano, características), inserción no marco atmosférico global, causas e consecuencias da disposición representada, etc.*

OPCIÓN 2

2.1.- Defina brevemente: POBOACIÓN INACTIVA, TRANSGRESIÓN MARÍÑA, OROXENIA ALPINA, AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL, FONTE DE ENERXÍA.


2.2.- Na Figura A-2 aparecen as principais zonas de contaminación atmosférica. Cite vostede o nome e a capital das Comunidades Autónomas que non presentan contaminación.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres da rede fluvial española.** *Orientacións para o desenvolvemento: as vertentes hidrográficas e a súa extensión, caracteres dos réximes fluviais, principais ríos e as súas características, etc.*

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características dos elementos que representa, secuencia temporal e tendencias, consecuencias na estrutura demográfica española, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1



Especialización en cultivos industriales

FIGURA A-1





FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2



Principales zonas de contaminación atmosférica (Fuente: MOPU).

FIGURA A-2

Evolución de los nacimientos, defunciones, matrimonios, saldo vegetativo e inmigraciones




FIGURA B-2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos; requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos; solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos; valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos; pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1

1.1.- Defina brevemente: REDE URBANA, BARLOVENTO, MONOCULTIVO, ESPERANZA DE VIDA, BALANZA DE PAGOS.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres termopluviométricos e paisaxes bioclimáticas na España Seca.** *Orientacións para o desenvolvemento: criterios de delimitación da España Seca, o reparto das temperaturas e as precipitacións, as condicións estacionais, os rasgos xerais das paisaxes vexetais e os seus compoñentes, etc.*

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres dos feitos representados, causas e consecuencias da diversidade rexional do fenómeno, etc.*

OPCIÓN 2

2.1.- Defina brevemente: MAQUIS, PROGRAMALEADER, INMIGRACIÓN, NOMENCLÁTOR, SINCLINAL.

2.2.- Na Figura A-2 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Os desequilibrios demográficos en España.** *Orientacións para o desenvolvemento: diversidade rexional dos indicadores demográficos, diferentes dinámicas naturais, as densidades de poboación e a súa evolución, causas e consecuencias espaciais, etc.*


2.4.- Comente vostede a Figura B-2. *Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características da distribución dos feitos representados, ubicación espacial e nas variedades climáticas españolas, consecuencias na paisaxe, etc.*

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1



FIGURA A-1



Estructura de las explotaciones agrarias

FIGURA B-1

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 2



FIGURA A-2




FIGURA B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1. Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada termo definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice vocabulario con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos termos propostos:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA: Proceso de reorganización de parcelas de diversas explotacións dunha comunidade agraria na que domina o minifundio, co fin de conseguir por adición unidades máis grandes e racionais.

HIDROSFERA: Esfera líquida da Terra ou conxunto total das augas da Terra, tanto superficiais coma subterráneas.

PARROQUIA: Territorio que abrangue a varios núcleos de poboación baixo a xurisdicción moral dun sacerdote, de límites asumidos e coñecidos polos moradores, pero non recoñecidos xuridicamente en Galicia.

SOLO URBANIZABLE: Aquel que é considerado como tal dentro das previsións do Plan Xeral de Ordenación Urbana ou do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e no que se pode edificar baixo diversas condicións. Pode ser programado ou non programado.

TAXA BRUTA DE MORTALIDADE: Aquela que relaciona o número de falecementos nunha comunidade coa poboación total á metade do ano, expresada en tantos por mil.

1.2. Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é citar alomenos cinco destas provincias: **PALENCIA, SALAMANCA, SEGOVIA, CUENCA, CIUDAD REAL, ALBACETE, CÓRDOBA E GRANADA.**

1.3. Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da maneira máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema: valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: definición e tipos de transporte terrestre (por estrada, ferrocarril), condicionantes e problemas para o transporte terrestre en España (topografía accidentada, vales e cursos fluviais, etc.), o transporte por estrada (características da rede, autovías,

autoestradas, problemática), o transporte por ferrocarril (características xerais, estrutura da rede, proxectos e problemáticas), etc. Valorarase tamén a aportación daqueles feitos significativos desde o punto de vista xeográfico que estean o suficientemente xustificadas e argumentados (por exemplo, costes económicos e sociais da planificación do transporte, a acentuación ou a corrección de desequilibrios rexionais, etc.).

1.4. Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa pertinente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa de isobaras, representación sinóptica, simboloxía), relación das configuracións isobáricas, situación que representa (situación do Norte, cun feixe de isobaras paralelas polas que circula un frente frío, entre o anticiclón desprazado ó Norte e unha depresión sobre o continente, aportando aire frío do Norte), probable circulación moi sinuosa do chorro polar, tipo de tempo inestable sobre a Península, etc. Valoraranse as aportacións que incidan sobre a alternancia de situacións atmosféricas ó longo do ano na definición dos climas españois.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada termo definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice vocabulario con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos termos propostos:

POBOACIÓN INACTIVA: Aquela que non produce, en teoría, bens e servizos: xubilados, menores, estudantes, rentistas, amas de casa, etc. As súas fronteiras son difíciles de establecer exactamente, sen embargo.

TRANSGRESIÓN MARÍÑA: Ascenso xeral do nivel mariño como consecuencia da fusión dos xeos glaciares en períodos máis cálidos, e que se manifesta no avance do mar sobre as terras emerxidas.

OROXENIA ALPINA: Último dos grandes movementos tectónicos que deu orixe a importantes aliñacións montañosas e reordenou boa parte de estruturas antigas, na era Terciaria, e que en España deseñou os rasgos esenciais do seu relevo.

AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL: Aquela actividade practicada por persoas cunha actividade principal fora da agricultura, e que a conciben como un complemento económico da súa actividade principal.

FONTE DE ENERXÍA: Recursos naturais dos que se obtén a forza motriz necesaria para o desenvolvemento dun traballo o actividade industrial.

2.2. Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: CANTABRIA (Santander), COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA (Pamplona), LA RIOJA (Logroño), EXTREMADURA (Mérida) e ISLAS BALEARES (Palma de Mallorca).

2.3. Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da maneira máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema: valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: os condicionantes climáticos e topográficos, as vertentes hidrográficas e a súa extensión,

a disimetría de vertentes, características dos ríos das distintas vertentes, principais ríos españois e as súas características, principais tipos de réximes fluviais, etc. Valoraranse as aportacións referidas á posibilidade da realización de trasvases para remediar os problemas ligados á aridez peninsular.

2.4. Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa pertinente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características dos elementos que representa (natalidade, mortalidade, nupcialidade, crecemento vexetativo, movementos migratorios), secuencia temporal e principais tendencias, as consecuencias na estrutura demográfica española, etc. Valoraranse as reflexións sobre o envellecemento da poboación española e as consecuencias da inmigración recente.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada termo definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice vocabulario con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos termos propostos:

REDE URBANA: Conxunto xerarquizado de centros urbáns que asegura os servizos a unha rexión, e está dominado por unha cidade máis importante, a metrópole rexional.

BARLOVENTO: Ladeira o certente exporta á acción directa dos ventos dominantes, que normalmente recibe maior cantidade de precipitacións.

MONOCULTIVO: Sistema de cultivo onde é exclusivo o moi predominante un só cultivo nunca explotación agraria ou en todas as explotacións dunha rexión, dada a súa rendibilidade ou especial adaptación ás condicións ambientais.

ESPERANZA DE VIDA: Anos que pode esperar vivir como media unha persoa, ben ó nacer, ou ben cando alcanza unha determinada idade, nun territorio determinado e nun ano determinado.

BALANZA DE PAGOS: Medida de tódalas transaccións económicas realizadas entre un país e o resto dos países

durante un ano, considerando as mercadorías exportadas e importadas, os gastos de estranxeiros no país, remesas de emigrantes, capitais estranxeiros invertidos, etc.

1.2. Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, ZAMORA; 2, LOGROÑO; 3, LÉRIDA; 4, CIUDAD REAL; e 5, ALICANTE.

1.3. Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da maneira máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema: valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: criterios de delimitación da España Seca, o reparto das temperaturas e as precipitacións, as condicións estacionais, a aridez e as súas consecuencias, as paisaxes vexetais e os seus compoñentes, valoración dos problemas relacionados cos recursos hídricos, etc.

1.4. Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa pertinente, de causas e consecuencias posibles.

Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres da distribución dos feitos representados, causas e consecuencias da diversidade rexional, consecuencias do pequeno tamaño nas explotacións cántabro-atlánticas e as mediterráneas e as diferenzas produtivas, etc. Valoraranse as referencias ás consecuencias da P.A.C. nas explotacións agrarias españolas.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de xeito que cada termo definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice vocabulario con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos termos propostos:

MAQUIS: Formación arbustiva mediterránea, rica en especies, desenvolvida sobre solos silíceos e de gran densidade, a diferenza da garriga.

PROGRAMA LEADER: Iniciativa comunitaria que trata de paliar os efectos da Política Agraria Comunitaria en diversas áreas europeas ás que fomenta mediante inversións, proxectos de desenvolvemento endógeno, de innovación rural e de revitalización destas zonas deprimidas, etc.

INMIGRACIÓN: Movemento migratorio cara un territorio ou país determinado, procedente de fóra de aquél.

NOMENCLÁTOR: Fonte estadística donde constan, articuladas por municipios e provincias, todas e cada unha das entidades singulares de poboación recoñecidas.

SINCLINAL: Estructura elemental de pregamento donde os estratos buzcan cara a charnela ou eixo da prega, e é típica das rochas sedimentarias plásticas.

2.2. Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta.

Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, NALÓN; 2, SISTEMA CENTRAL; 3, DELTA DO EBRO; 4, CABO DA NAO; e 5, RÍO GUADALQUIVIR.

2.3. Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da maneira máis completa posible, é dicir, plantexando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema: valoraranse a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: diversidade rexional dos indicadores demográficos, diferentes dinámicas naturais, as densidades de poboación e a súa evolución, causas e consecuencias espaciais, o envellecemento da poboación, os focos de inmigración, etc.

2.4. Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa pertinente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes: tipoloxía da imaxe (climograma que representa as temperaturas mediante puntos unidos cunha liña e as precipitacións mediante barras verticais, cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas); temperatura media anual relativamente suave, amplitude térmica anual non moi elevada, de 11,2°, verán fresco que non supera os 19° e inverno suave, rondando os 8°, o que nos fala da proximidade ó océano como posible causa; precipitacións abundantes, dentro da España Húmida, regulares e con máximos claramente invernais e un secundario en maio (sen meses áridos segundo o índice de Gaussen); características de clima oceánico moi húmido que nos debe levar ó ámbito cantábrico; caracteres da paisaxe bioclimática do dominio oceánico húmido, etc. Valoraranse as referencias ós montes cantábricos como núcleo hidrolóxico importante na Península, as disimetrías das súas vertentes norte e sur, os réximes fluviais, etc.